

## **NOTA DE PRENSA**

# **Os/As profesionais da psicoloxía de Galicia afondan no estudo do vínculo do apego na infancia e na idade adulta**

---

*Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2014.*- O vínculo de apego, tanto nos nenos e nenas como en persoas adultas será o eixo do curso que organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia os próximos días 3 e 4 de outubro e que acollerá o Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela.

Na actividade realizarase unha revisión das etapas para a constitución deste vínculo, as súas tipoloxías e cales son as alteracións que pode experimentar no seu establecemento. As técnicas para a valoración do apego por parte do/da profesional da psicoloxía e a súa abordaxe desde a psicoterapia serán outros dos aspectos a tratar nas xornadas que organiza a Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Os *trastornos border-line* e o trastorno de apego desorganizado serán dúas das alteracións que se analizarán especificamente.

Os/As 30 profesionais que se formarán durante esta fin de semana traballarán aspectos tanto desde a teoría como desde a práctica. Elena Rodríguez Borrajo será a docente deste curso, directora do Gabinete de Psicoloxía Alén (Centro de atención psicolóxica á infancia), que ademais foi directora da Área de infancia na Cruz Vermella na Coruña e do Programa de Familias Acolledoras e Casa de Familias. Rodríguez Borrajo no exercicio das súas funcións supervisou equipos, deseñou e avaliou programas e estratexias; ademais de exercer como educadora no centro de menores “Ciudad de los muchachos, agarimo”.

Con este curso retómase o intenso programa formativo que promove o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a actualización continua dos coñecementos dos/das profesionais do sector na Comunidade.

### **Saúdos,**

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns  
686 994 089  
Raquel Miranda  
634 599 932  
[comunicacion@copgalicia.org](mailto:comunicacion@copgalicia.org)

Espiñeira, 10-Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983  
[www.copgalicia.es](http://www.copgalicia.es)  
[copgalicia@cop.es](mailto:copgalicia@cop.es)